

## I. Disposicións xerais

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5270

*CORRECCIÓN de errores da Orde APA/778/2005, do 30 de marzo, pola que se modifica a Orde APA/245/2005, do 9 de febreiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, e se prorroga a súa vixencia ata o 15 de abril de 2005 incluído. («BOE» 79, do 2-4-2005.)*

Advertidos errores no texto remitido para a súa publicación da Orde APA/778/2005, do 30 de marzo, inserida no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 4 en lingua galega, do 1 de abril de 2005, procédese a emendalos mediante as oportunas rectificacións:

Na páxina 608, artigo único, número 1, punto 1.<sup>º</sup>, onde di: «... ou que nacesen con posterioridade ao 15 de decembro de 2004...»; debe dicir: «... ou que nacesen con anterioridade ao 15 de decembro de 2004...».

Na mesma páxina, artigo único, número 2, onde di: «Suprímese a parte A do anexo»; debe dicir: «Suprímese a parte A do anexo, para movementos a zona libre».

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5271

*REAL DECRETO 312/2005, do 18 de marzo, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construcción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume. («BOE» 79, do 2-4-2005.)*

O Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, sobre disposicións para a libre circulación de produtos de construcción, en aplicación da Directiva 89/106/CEE, modificado polo Real decreto 1328/1995, do 28 de xullo, establece unha serie de requisitos esenciais que deben satisfacer os edificios e as obras de enxeñaría civil, entre os que cabe citar o relativo á seguridade en caso de incendio, así como os requisitos exixibles aos produtos de construcción e aos elementos construtivos que, relacionados cos esenciais, se deban incorporar aos ditos edificios e obras.

Unha vez establecido para o dito fin, por medio das correspondentes decisións da Comisión Europea en aplicación da Directiva 89/106/CEE anteriormente citada, un marco común de clasificación das propiedades de reacción e resistencia ao lume dos produtos de construcción e dos elementos construtivos, faise necesaria a súa adopción para adaptar as vixentes clasificacións españolas ás comúns europeas. Resulta, así mesmo, necesario adaptar a estas últimas a regulamentación vixente de protección contra incendios nos edificios e nos establecementos e instalacións industriais.

Este real decreto constitúe unha norma regulamentaria de seguridade industrial que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Este real decreto apróbase en exercicio das competencias en materia de seguridade industrial que, conforme declarou reiteradamente a xurisprudencia constitucional, se lle atribúen expresamente ao Estado (por todas elas, as sentenzas do Tribunal Constitucional 203/1992, do 26 de novembro, 243/1994, do 21 de xullo, e 175/2003, do 30 de setembro).

Este real decreto dítase por iniciativa da Comisión Interministerial para os Produtos de Construcción.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Fomento e de Vivenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2005,

#### DISPONÍO :

*Artigo 1. Aprobación da clasificación dos produtos de construcción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume.*

Apróbase a clasificación dos produtos de construcción e dos elementos construtivos que figuran nos anexos I, II e III en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume.

A devandita clasificación aplicarase, con carácter obligatorio, aos produtos de construcción e aos elementos construtivos que estean afectados polo requisito esencial de seguridade en caso de incendio, ao cal se refire o Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, sobre disposicións para a libre circulación de produtos de construcción, en aplicación da Directiva 89/106/CEE, modificado polo Real decreto 1328/1995, do 28 de xullo.

*Artigo 2. Adaptación da regulamentación vixente.*

A regulamentación vixente de protección contra incendios nos edificios e nos establecementos e instalacións industriais adáptase ao establecido neste real decreto, de acordo co contido dos seus anexos IV e V, no